

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA EN FUNCIÓNS QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 5 DE MAIO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

#### DECRETOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Bóveda e O Incio, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de secretaría-intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- Decreto polo que se dispón que cese Marta Varela Pazos como directora xeral do Gabinete da Presidencia.
- Decreto polo que se dispón que cese Mar Sánchez Sierra como secretaria xeral de Medios.

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "primeira fase do acondicionamento da estrada PO-546 entre os puntos quilométricos (P.Q.) 4+400 e o 4+890", no Concello de Pontevedra.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Rábade da estrada provincial LU-P-5102 "N-VI-Estación de Rábade".

#### ACORDOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe para pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia, para o desenvolvemento de accións que favorezan o retorno e a integración socio-laboral das persoas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

emigrantes e das súas familias na Comunidade Autónoma galega, por importe de vinte mil euros (20.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeita a regulación harmonizada, do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de licitación de doce millóns seiscentos trinta e sete mil seiscentos setenta e catro euros con sesenta e nove céntimos (12.637.674,69€), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de vinte e cinco millóns sesenta e seis mil catrocentos sesenta e dous euros con vinte céntimos (25.066.462,20€).

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se procede á convocatoria pública, para a anualidade 2022, das axudas financeiras do Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas por importe total de trescentos noventa e catro mil seiscentos setenta euros (394.670 €).

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga do contrato de "Xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Arcade-Soutomaio. Soutomaio (Pontevedra)", por importe de setecentos sesenta e nove mil cincocentos setenta e tres euros con oitenta e oito céntimos (769.573,88€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga do contrato de "Xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Nigrán. Nigrán (Pontevedra)", por importe dun millón oitocentos dous mil oitocentos dezasete euros con vinte e seis céntimos (1.802.817,26€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga do contrato de "Xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Gondomar. Gondomar (Pontevedra)", por importe dun millón trescentos setenta e nove mil catrocentos sete euros con cincuenta e oito céntimos (1.379.407,58€), IVE incluído.

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza modificar a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023 e adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se procede á segunda convocatoria, para os exercicios 2022 e 2023, de subvencións para o financiamento das accións formativas do plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023. Importe total: corenta e nove millóns setecentos sesenta e seis mil cincocentos oitenta e nove euros (49.766.589 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Gallega de Asociacións en favor de las Persoas con Discapacidade Intelectual ou del Desarrollo (Fademga plena inclusión Galicia), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e do mantemento de Fademga plena inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2022. Importe: dous millóns catrocentos sesenta e oito mil oitocentos catorce euros (2.468.814€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio 2022. Importe: Un millón trescentos dezaioito mil cento cincuenta e sete euros (1.318.157€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación para o exercicio 2022. Importe: setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2022. Importe: seiscentos noventa mil seiscentos oitenta e oito euros (690.688€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Autismo Galicia, para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas no exercicio 2022. Importe: seiscentos setenta e cinco mil douscentos dez euros (675.210€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Saúde Mental Feafes Galicia (Federación Galega de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia), para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2022. Importe: seiscentos trinta e cinco mil setecentos trinta e seis euros (635.736€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de atención ás persoas con parálise cerebral (Aspace Galicia), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns e do mantemento da entidade para o exercicio 2022. Importe: Cincocentos trinta e oito mil douscentos cincuenta e sete euros (538.257€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da Federación e das entidades federadas para o exercicio 2022. Importe: trescentos oitenta e nove mil seiscientos noventa e oito euros (389.698€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá, para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2022. Importe: Trescentos corenta e seis mil cincocentos euros (346.500€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual Special Olympics Galicia para o mantemento da entidade e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, de lecer, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2022. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

federación para o exercicio 2022. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e ás súas familias e o mantemento da entidade para o exercicio 2022. Importe: corenta e cinco mil cento corenta e dous euros (45.142€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de enfermidades raras e crónicas, para o financiamento dun programa de intervención social destinado a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e/ou crónicas e das súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2022. Importe: vinte e tres mil trescentos dez euros (23.310€).

### INFORMES

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre a actividade da Unidade de Policía Adscrita en materia de violencia de xénero. Exercicio 2021.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre as axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal galego.

#### **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre o acordo de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Consellería de Política Social para desenvolver distintas medidas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

previstas no Plan Corresponsables a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as medidas para a protección das persoas traballadoras embarazadas do Sergas, en execución do "I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde (2021/2024)".
- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal.
- Informe sobre o Plan Obesidade Zero en Galicia 2022-2030. Plan de acción para a prevención do sobrepeso e a obesidade en Galicia desde unha perspectiva de saúde pública.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións de prevención de incendios forestais de Galicia 2022.
- Informe sobre a aprobación por parte da Consellería do Medio Rural da Orde pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta (MR608B) e para o recoñecemento como persoa silvicultora activa (MR608C).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a licitación de subministro e instalación de luminarias para a iluminación exterior baixo criterios de sustentabilidade en diferentes instalacións dependentes da entidade pública empresarial Portos de Galicia (EPPG).
- Informe sobre a memoria e resume executivo do Cetmar 2021.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O DECRETO PARA A AGRUPACIÓN NUN ÚNICO POSTO DO SECRETARIO-INTERVENTOR NOS CONCELLOS DE BÓVEDA E O INCIO**

O Consello da Xunta deu o visto bo xa que responde a criterios de economía e eficiencia, evitando a duplicidade de gastos do posto de traballo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Bóveda e O Incio, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de secretaría-intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Os concellos de Bóveda e O Incio acordaron aprobar definitivamente a súa agrupación voluntaria para o sostemento en común dun único posto de traballo reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional de secretaría-intervención.

A constitución da agrupación responde a criterios de economía e eficiencia, evitando a duplicidade de gastos polo que se refire ao salario base, complemento de destino, trienios e seguridade social do posto de traballo reservado de secretaría-intervención.

A constitución desta agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de traballo reservado de secretaría-intervención débese á insuficiencia de recursos económicos existente en as ambas entidades locais, ocasionada en gran medida pola redución paulatina da poboación, o que supón unha diminución da principal fonte de ingresos ordinarios -participación nos tributos do Estado- e da recadación de impostos, taxas e prezos públicos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA AS OBRAS DA 1ª FASE DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PO-546 EN ESTRIBELA, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- A actuación conta cun investimento autonómico de preto de 950.000€ e suporá a reurbanización completa dun treito de 500 metros da estrada vella de Marín, na procura do calmado de tráfico e dun maior espazo para os peóns
- Ampliaranse as beirarrúas a un mínimo de 2 metros e anchearase puntualmente a vía
- Disporase de novas luminarias, habilitaranse 3 pasos de peóns sobreelevados con iluminación intelixente e renovaranse os refuxios de autobús
- A Consellería de Infraestruturas licitará as obras no segundo semestre deste ano, co obxectivo de comezalas no primeiro semestre de 2023
- A Xunta impulsa unha transformación integral da PO-546 como eixo de mobilidade sostible, con accións tamén entre Mollabao e Os Praceres e desde o final da 1ª fase en Estribela ata a rúa Concepción Arenal, en Marín

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras da primeira fase de humanización do treito da estrada autonómica PO-546 no núcleo de Estribela, no concello de Pontevedra.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación rolda os 950.000 euros, en que se inclúe o pagamento dos 12 predios necesarios para a execución desta actuación nesta vía da Xunta, máis coñecida como a estrada vella de Marín.

A intervención ten como obxectivo reforzar a seguridade viaria e favorecer a mobilidade peonil e o acceso ao transporte público nun treito de preto de 500 metros desta vía autonómica. Enmárcanse nun conxunto de actuacións que impulsa a Xunta e que permitirán conformar un eixo para a mobilidade sustentable entre Pontevedra e Marín, apoiado na estrada PO-546.

Máis concretamente, levarase a cabo a reurbanización completa da estrada, no treito situado entre os puntos quilométricos 4+400 e o 4+890 da vía autonómica, en que se transformará a súa configuración na procura dun maior calmado de tráfico, dándolle maior protagonismo aos peóns fronte aos vehículos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A transformación deste treito de estrada, en que se mantén o dobre sentido de circulación e se ten en conta a limitada sección actual da vía, obriga á ampliación da plataforma mediante a execución de estruturas de diferente tipoloxía, en función do punto do que se trate.

Así, entre as actuacións que se executarán inclúese a modificación da sección transversal da estrada para ampliar as beirarrúas ata un mínimo de 2 metros co obxectivo de favorecer os desprazamentos a pé dos veciños e gañar accesibilidade.

Con respecto a intervención de ampliación da plataforma neste treito da PO-546, esta exige executar actuacións complementarias complexas, pola configuración das marxes da propia estrada, que rexistra fortes desniveis, para o que se desenvolverá unha estrutura en voadizo, un recheo, un muro de contención e a demolición de varias edificacións en ruína.

Máis en concreto, pola marxe dereita da estrada, do punto quilométrico 4+515 ao 4+540, executarase unha estrutura en voadizo apoiada sobre a propia plataforma da estrada, que estará composta por unha lousa de formigón de 5 metros de ancho dos cales 1,80 metros son transitables. E do punto 4+615 ao 4+665 construírse un muro de contención de terras de coeira.

As obras inclúen, ademais, a mellora da iluminación, coa disposición de novas luminarias, e a habilitación de 3 pasos de peóns sobreelevados, con iluminación específica e sistema intelixente, que detecten o cidadán nas inmediacións do paso, activando elementos de sinalización. Tamén se mellorarán as paradas de bus, incluíndo a renovación dos refuxios.

As actuacións completaranse co fresado e estendido do firme, a reposición da drenaxe e dos servizos afectados e a sinalización das marcas viarias.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitarás as obras e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo semestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos no primeiro semestre de 2023. A actuación ten un prazo de execución de doce meses.

Esta intervención prevé o seu financiamento con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, do programa Next Generation UE.

### **A estrada PO-546 como eixo de mobilidade sustentable**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego está a promover unha transformación integral da estrada PO-546, que se corresponde coa vella estrada de comunicación entre Marín e Pontevedra.

Na actualidade a funcionalidade da mobilidade interurbana para automóviles canalízase fundamentalmente a través das estradas PO-11 e PO-12, que discorren pola ribeira do mar. En consecuencia, é posible formular unha proposta de actuación que permita, mellorar a funcionalidade da estrada PO-546, entre Mollabao, no concello de Pontevedra, e Marín, orientándoa ao tránsito de peóns, ciclistas e transporte público.

A Xunta, ademais da intervención obxecto do acordo de hoxe, promoverá dúas novas actuacións nesta vía de titularidade autonómica.

Dunha banda, propónse actuar no treito da PO-546, entre Mollabao e Os Praceres, acondicionando e ampliando a plataforma da estrada, de modo que na maior parte do percorrido se habilitará pola súa marxe dereita un espazo peonil e outro ciclista bidireccional.

Nesta intervención, nas zonas con presenza de vivendas, executarase unha beirarrúa peonil na marxe esquerda da estrada e melloraranse todas as paradas de transporte público ao longo do treito de actuación, favorecendo así a mobilidade en autobús entre Marín e Pontevedra. Tamén se renovará a iluminación e reporanse os servizos afectados pola execución das obras.

Doutra banda, prevese executar a transformación da estrada PO-546 tamén entre Etribela e rúa Concepción Areal. Trátase de completar os treitos entre o final da actuación da 1ª fase en Etribela e o límite municipal co concello de Marín, así como o treito da estrada denominado rúa Concepción Arenal nese municipio que resta por humanizar, entre a rotonda das Áncoras e o Parque Eguren, tras as actuacións executadas nos últimos anos en colaboración entre a Xunta e o Concello.

Ambos os treitos executarase de modo coherente coas actuacións proxectadas e executadas, obténdose como resultado final una estrada completamente transformada, humanizada, con protagonismo especial para o peón e o transporte público, en detrimento do vehículo privado.

Estado actual e transformado da PO-546 en Etribela:

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE RÁBADE DA RÚA MÚSICO CRISANTO, COINCIDENTE COA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-5102

- Transfírese un treito urbano de 184 metros de lonxitude que dá acceso á estación de Rábade
- A entidade local terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Rábade do treito da estrada provincial LU-P-5102, coincidente coa rúa Músico Crisanto.

A Deputación de Lugo propuxo a solicitude de cambio de titularidade do tramo urbano da estrada provincial denominada LU-P-5102, que dá acceso á estación de Rábade. O dito treito presenta bo estado e conta cunha lonxitude de 184 metros, con firme formado por pedras de granito, con anchura media de 12 metros, contando con beirarrúas e rede de drenaxe soterrada.

O Concello de Rábade aceptou a transferencia da estrada provincial LU-P-5102: N-VI - estación de Rábade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia do treito desta vía provincial comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+184.


A transferencia a prol do Concello de Rábade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito do treito obxecto do cambio de titularidade:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COA ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMIGRANTES EN GALICIA PARA FACILITAR A INTEGRACIÓN DOS BECARIOS BEME NA NOSA SOCIEDADE**

- A Secretaría Xeral da Emigración destina 20.000 euros a esta entidade co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución de accións de asesoramento a mozos e mozas retornados, organización de actividades formativas, culturais e sociais para a mocidade, así como a súa difusión e promoción en Galicia e no exterior
- Con este acordo preténdese facilitar a integración laboral e social dos bolseiros Beme e consolidar o seu establecemento en Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio da Secretaría Xeral da Emigración coa Asociación de Jóvenes Emigrantes Retornados en Galicia (Ajerga) para o financiamento dos gastos derivados da execución de accións de asesoramento a mozos e mozas emigrantes, organización de actividades culturais e sociais para a xuventude, así como a súa difusión e promoción en Galicia co obxectivo de ofrecer aos galegos que volven á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de adaptación á sociedade galega.

Deste xeito, a Secretaría Xeral da Emigración asinará un acordo que ten como obxectivo establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para desenvolver accións de difusión, acompañamento, información e formación dirixidas ás persoas galegas que residan no exterior, así como as que retornen á Comunidade autónoma galega, especialmente aos bolseiros Beme. O importe da colaboración será de 20.000 euros.

A Secretaría Xeral da Emigración pretende continuar a colaborar con esta entidade para ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega, especialmente no caso dos bolseiros do programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (Beme). De feito, esta asociación constituíuse en 2019 por bolseiros da primeira promoción deste programa e continúa a medrar cos novos bolseiros que chegan cada ano.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DA XUNTA

O novo contrato terá unha vixencia de 24 meses prorrogables e un importe anual previsto de 6,3M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo ordinario da xestión do mantemento dos edificios administrativos, que terá un importe de licitación de 6,3 millóns de euros anuais cunha vixencia de 24 meses prorrogables.

A nova licitación terá por obxecto determinar as condicións ás que se axustará a prestación do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus equipamentos.

A licitación inclúe novas prestacións que suporán unha mellora na execución do servizo con respecto ao contrato vixente como, por exemplo, o mantemento de novas instalacións, de carpintarías de madeira e de puntos de carga eléctricos, así como a renovación de ascensores, escáneres e arcos detectores, e a incorporación da subministración de pellets para aqueles edificios administrativos que contan cunha caldeira de biomasa.

Por outra banda, adecúanse os custos de persoal ás actualizacións producidas nos derradeiros anos con base nos convenios colectivos de aplicación.

Finalmente, recóllese unha revisión dos prezos como consecuencia do incremento de custo dos subministracións necesarias para a correcta execución do servizo, así como polo aumento da enerxía e dos combustibles no último ano.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DAS FAMILIAS PRÉSTAMOS CON XUROS SUBVENCIONADOS ATA NUN 100% PARA ESTIMULAR A REHABILITACIÓN DE VIVENDA

- Os créditos serán sen xuros para as familias con ingresos de ata 4 veces o IPREM e a subsidiación acadará o 80 % ata 5,5 veces o IPREM, en todo caso sen comisións
- Os préstamos para propietarios particulares poderán ser de ata 60.000 €, mentres no caso das comunidades de propietarios o máximo será de 20.000 € por vivenda
- O Goberno galego publicará proximamente a convocatoria, que cubrirá este ano co dobre de orzamento, 400.000 €, co obxectivo de inducir un investimento de 5 M€

A Xunta de Galicia porá á disposición das familias nas vindeiras semanas o programa de préstamos cualificados, con xuros subvencionados ata nun 100 %, para fomentar a rehabilitación de vivenda e, así mesmo, apostar pola cultura do *fermosismo*.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o orzamento necesario para a convocatoria do actual exercicio, 400.000 euros destinados a subsidiar os xuros, e que duplica a contía reservada en 2021 para propietarios e comunidades de propietarios.

Os créditos van dirixidos a financiar actuacións de rehabilitación en edificios e vivendas: mellora estrutural e construtiva, das condicións de habitabilidade e da eficiencia enerxética; adecuación á normativa sobre accesibilidade; adecuación do acabado xeral aos principios de boa construción; e, desde este ano, tamén obras de ampliación, sempre e cando estean vinculadas a proxectos de rehabilitación que supoñan unha mellora da habitabilidade, da eficiencia enerxética e/ou da súa accesibilidade.

Os préstamos son concedidos por entidades financeiras que teñen un convenio co Instituto Galego da Vivenda e Solo —Abanca, Caixa Rural Galega, CaixaBank, Banco Sabadell e Deutsche Bank— para ofrecer aos solicitantes as condicións máis vantaxosas do mercado.

Os créditos serán sen xuros durante catro anos para as familias con ingresos de ata 4 veces o IPREM e a subsidiación acadará o 80 % durante tres anos para ingresos de ata 5,5 veces o IPREM. No caso de persoas con ingresos no tramo de 5,5 a 6,5 veces, o IPREM e tamén das comunidades de propietarios, aínda que non terán bonificacións nos xuros, si disporán de facilidades na concesión do préstamo beneficiándose, por exemplo, da exención das comisións.

Os propietarios teñen a posibilidade de acceder a un préstamo de ata 60.000 euros, no caso de ser con garantía hipotecaria, ou de ata 30.000 euros con garantía persoal, que

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poderán devolver nun máximo de 180 cotas (15 anos). No caso das comunidades de propietarios, o máximo será de 20.000 euros por vivenda –o dobre que en 2021– e o prazo de amortización será de ata 10 anos.

Con esta medida, a Xunta prevé xerar un investimento inducido de 5 millóns de euros en obras de rehabilitación de vivenda en Galicia.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo puxo en marcha esta iniciativa en 2017 e, desde entón, realizou cinco convocatorias, nas que concedeu un total de 142 axudas para subsidiar os xuros por un importe de case 650.000 euros.

### **Compatibilidade con outras axudas de rehabilitación**

O programa de préstamos cualificados suporá un pulo máis para as diferentes axudas de rehabilitación de vivenda que está a convocar a Xunta este ano e coas que é compatible. De feito, o orzamento destinado a este eido supera os 85 millóns de euros a través de 14 liñas, para propietarios, comunidades de propietarios e concellos.

Polo momento, xa se convocaron, entre outros, o programa PREE 5000, para particulares de concellos do reto demográfico, cun orzamento de 3,8 millóns de euros; as axudas a nivel de vivenda, destinadas principalmente a cambio de ventás, con 13,5 millóns; os incentivos para as áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, Ribeira Sacra e Illas Atlánticas; e as liñas para entidades locais destinadas a vivendas de titularidade municipal e infravivenda.

Así mesmo, os préstamos son compatibles coas axudas impulsadas polo Instituto de Estudos do Territorio para loitar contra os impactos paisaxísticos, no marco do apartado de obras de adecuación do acabado aos principios da boa construción e, polo tanto, dentro da chamada cultura do *fermosismo*.

De feito, a orde do IGVS marca que nas actuacións de reparación, rehabilitación ou conservación de fachadas, carpintería exterior ou cuberta das edificacións deben seguirse os criterios fixados na *Guía de cor e materiais* elaborada pola Xunta

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 4 M€ PARA MANTER ACTIVA A COOPERACIÓN COS CONCELLOS DE NIGRÁN, SOUTOMAIOR E GONDOMAR NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DAS DEPURADORAS MUNICIPAIS

- O Goberno galego mantén o apoio ás entidades locais nas súas competencias, garantindo o funcionamento destas instalacións durante os dous vindeiros anos, tras destinar desde 2005 máis de 23,7 M€ á xestión destas tres depuradoras municipais
- Coas autorizacións de hoxe, o Executivo autonómico continuará asumindo o funcionamento destas instalacións, deseñadas no seu conxunto cunha capacidade de depuración para unha poboación de máis de 100.000 habitantes
- A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen, encargándose actualmente da xestión de 28 depuradoras
- A Xunta impulsou a Lei do ciclo integral da auga, en trámite parlamentario e que se prevé entre en vigor en verán, poñendo á disposición dos concellos ferramentas para profesionalizar os servizos e un sistema voluntario para unha xestión de calidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de preto de 4 millóns de euros para dar continuidade á cooperación cos concellos de Nigrán, de Soutomaior e de Gondomar, na xestión e explotación das estacións depuradoras de augas residuais destes tres municipios.

Coa aprobación dos acordos polos que se autorizan as prórrogas dos correspondentes contratos, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, autorizando á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia a unha nova prorroga do servizo que garante o funcionamento destas infraestruturas municipais.

Estes tres concellos do sur da provincia de Pontevedra teñen cedido á entidade hidráulica da Xunta o servizo de mantemento destas plantas de tratamento de auga residuais desde o ano 2005, en cuxa xestión o Goberno galego leva investido un orzamento global de máis de 23,7 millóns de euros.

#### O detalle dos contratos

Coas autorizacións de hoxe, a Xunta renova estas tres concesións para os vindeiros 24 meses, estendéndoa ata o 30 de maio de 2024.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis en detalle, Consello da Xunta autorizou hoxe destinar máis de 1,8 millóns á prorroga do contrato do servizo de mantemento da estación depuración municipal de Nigrán, á cal o Goberno galego leva destinados desde o ano 2005 un orzamento de máis de 9,7 millóns de euros. Esta depuradora municipal está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 19.600 m<sup>3</sup>/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 70.000 habitantes equivalentes.

No caso do concello de Soutomaior, a prorroga do contrato de xestión de servizo público da depuradora de Arcade suporá unha achega da Xunta de preto de 770.000 euros. Este orzamento engádese aos máis de 4,8 millóns de euros que leva achegados a Administración autonómica á explotación da planta de augas residuais de Arcade, deseñada para o tratamento dun caudal medio de 2.592 m<sup>3</sup>/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 8.621 habitantes equivalentes.

No caso da prorroga de xestión da depuradora de Gondomar, o acordo autorizado hoxe pola Xunta suporá destinar un investimento de case 1,4 millóns de euros á explotación desta infraestrutura. Desde o inicio da colaboración con este municipio, a Xunta leva investidos case 9,2 millóns de euros na xestión da depuradora, proxectada para o tratamento dun caudal medio de 6.720 m<sup>3</sup>/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 24.000 habitantes equivalentes.

### **As tarefas**

A explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

A cooperación da Xunta con estes tres concellos permite a mellora da calidade de vida das poboacións asentadas entorno ás rías, o aumento da competitividade económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamicas, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipos da planta.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A prestación dos servizos de saneamento, abastecemento e depuración son de responsabilidade municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen na prestación destes servizos.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de xestionar 28 estacións depuradoras de augas residuais.

O Goberno galego impulsou a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, agora mesmo en trámite parlamentario e que se prevé que entre en vigor en verán. A través desta lei, a Xunta porá á disposición dos concellos ferramentas para profesionalizar os servizos da auga e un sistema voluntario para garantir unha xestión de calidade, respondendo ás carencias derivadas das dificultades técnicas e financeiras que teñen moitos municipios na xestión da auga.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ CASE 50M€ NA FORMACIÓN DE 12.000 PERSOAS DESEMPREGADAS A TRAVÉS DE MÁIS DE 1.200 CURSOS QUE PORÁN O FOCO NAS ESPECIALIDADES CON MÁIS DEMANDA**

- O Goberno autonómico autorizou hoxe a segunda convocatoria de accións formativas para persoas desempregadas para 2022 e 2023, que supera en 5,5M€ á anterior
- Serán colectivo prioritario dos cursos a impartir, as persoas afectadas por ERTE e con discapacidade física, psíquica ou sensorial
- Poderán acceder aos apoios as entidades titulares de centros de formación homologados pola Administración, que quere impulsar a teleformación e a aula virtual
- A través destas actuacións o Goberno galego leva formadas preto de 67.000 persoas desde o ano 2014 acadando unha media de inserción laboral do 60 %

A Xunta vai investir 49,7 millóns de euros en axudas para financiar unhas 1.207 accións formativas dirixidas a mellorar a cualificación- elemento clave para a súa inserción laboral- de 12.379 persoas desempregadas. O Consello deu hoxe o visto bo á segunda convocatoria desta liña de axudas para os anos 2022 e 2023, que supera nun 12 % o orzamento da anterior, nunha aposta decidida da Xunta por mellorar a cualificación da poboación traballadora galega para asegurar a súa empregabilidade.

O Goberno galego seguirá a apostar por unha formación flexible, que impulsará a teleformación e a aula virtual como modalidade. Atenderá ademais as especiais condicións en que se atopan persoas afectadas por ERTE, que serán colectivo prioritario nas convocatorias de cursos, así como as galegas e galegos con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Poderán tomar parte nestas accións -cun tope do 30 % de participación- persoas traballadoras ocupadas sempre que as prazas non se cubran con desempregados.

Poderán acceder ás axudas convocadas centros ou entidades de formación debidamente acreditados para impartir formación profesional para o emprego en Galicia en modalidade presencial, a distancia ou mixta. En canto as accións ofertadas, deberanse dirixir a impartir competencias clave ou especialidades que permitan obter o correspondente certificado de profesionalidade. A orde fará unha reserva orzamentaria específica do 40% para os cursos que poñan o acento en temáticas con maior demanda ou perspectivas de emprego. Priorizaranse, así, os cursos en materias como industria 4.0

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ou competencias dixitais, e en áreas que demandan man de obra como a atención sociosanitaria, instalacións solares, socorrismo e salvamento, xestión contable ou restauración, entre outras.

Como novidade, a actual convocatoria ofrece un módulo transversal de formación en prevención de riscos laborais que capacitará as persoas participantes para o desempeño de funcións de nivel básico neste eido.

Unha vez concretada a oferta, os alumnos e alumnas poderán acceder a estes cursos a través das oficinas de emprego de Galicia, da páxina web: <https://emprego.xunta.gal> ou mediante solicitude directa ás entidades de formación beneficiaria.

A Xunta redobra con esta liña de axudas a súa aposta por unha formación para o emprego de calidade, flexible e adaptada ás necesidades do mercado laboral, que permita mellorar a empregabilidade de galegas e galegos. Desde o ano 2014 o Goberno galego leva financiadas por valor de case 253 millóns de euros, un total de 5.374 cursos en que tomaron parte preto de 67.000 persoas, unhas 80.000 se se conta esta nova convocatoria.

A media de inserción nas cinco convocatorias pechadas acadou o 60 %, co que 6 de cada 10 persoas que participan nas accións formativas para desempregados conseguen a súa meta de acceder ao mercado laboral cun contrato.

O programa insírese no Plan galego de formación para o emprego, dotado para o presente ano con 117 millóns de euros, o que supón máis do 77 % con respecto ao exercicio anterior.

Este plan seguirá a impulsar unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo con accións específicas para persoas desempregadas e para traballadores ocupados, bolsas e axudas para que as persoas sen emprego participen nas accións e actuacións específicas para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas coa experiencia laboral.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA INVISTE 8,2 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A ATENCIÓN QUE PRESTAN 13 ENTIDADES SOCIAIS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Garante o servizo que ofrecen estas organizacións a 53.400 persoas e as súas familias por toda a Comunidade
- Todas elas contarán cun anticipo do 80 % do importe da axuda, para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para realizar o seu labor

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de 13 convenios con outras tantas entidades de atención á discapacidade física e intelectual, á que destina un importe de máis de 8,2 millóns de euros. Esta cifra case duplica a que se lles achegou hai tres anos, cando recibiron 4,2 millóns de euros.

De igual forma que en 2021, todas elas contarán cun anticipo do 80 % do importe da subvención, para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para seguir realizando o seu labor.

Entre as entidades que recibirán esta achega autonómica atópanse as federacións integradas polas asociacións dedicadas a mellorar a atención ás persoas xordas (Faxpg), as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión), con enfermidades mentais (Feafes), con doenzas raras e crónicas (Fegerec), con Alzheimer (Fagal), con dano cerebral (Fegadace) e con parálise cerebral e patoloxías afíns (Aspace).

Tamén se beneficiarán destas subvencións as organizacións Special Olympics, a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), Down Galicia, Autismo Galicia, a Asociación de Paraplégicos e de Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

#### **Máis de 140 millóns de euros**

A través dos convenios hoxe autorizados, a Xunta garante a continuidade do servizo que estas entidades prestan a 53.400 persoas e ás súas familias por toda a xeografía galega, un 3 % máis que o ano pasado.

Galicia destina nos orzamentos para 2022 unha partida de 141,7 millóns de euros ao eido da discapacidade, a cifra máis alta da historia da Comunidade. Grazas a este importe na actualidade xa se superan as 5.400 prazas públicas de atención a persoas con discapacidade, un 25 % máis que en 2009.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTOU O PASADO ANO O NÚMERO DE EFECTIVOS DESTINADOS Á PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe ás actuacións levadas a cabo en 2021 polos axentes autonómicos
- No mes de setembro de 2016, a Policía Autonómica asumiu estas funcións en coordinación co Corpo Nacional de Policía

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe da Policía Autonómica sobre as actuacións levadas a cabo o ano pasado en materia de protección de vítimas de violencia de xénero, que se incrementaron durante estes anos ata acadar 92 efectivos destinados anualmente a este programa de protección.

O número de efectivos destinados anualmente a este programa de protección durante os anos 2016 a 2020 era 86 efectivos de media anual. No ano 2021, pasaron a 92 efectivos, o que amosa que este programa de protección das vítimas é unha prioridade para o Goberno galego, a pesar da constante diminución do persoal desde o ano 2014 ata a actualidade.

Durante o ano 2021, o número de vítimas activas no sistema de protección variou desde as 279 coas que comezou xaneiro ata as 274 mulleres protexidas por esta unidade a 31 de decembro de 2021.

Por outra banda, chama a atención o descenso do número de detidos en relación con anos anteriores, así como do número de notificacións xudiciais.

O ano pasado leváronse a cabo preto de 6.500 actuacións de vixilancia do agresor coa vítima, preto de 30.000 controis no contorno, tanto de vítima como de agresor, 680 diversos acompañamentos ás vítimas (xulgado, comisaría ou recollida enseres, entre outros) e foron detidas 14 persoas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA NUN 20%, ATA OS 6M€, AS AXUDAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESÁN GALEGO**

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación prevé con este programa mobilizar un investimento público-privado por valor de nove millóns de euros
- Apóianse actuacións como a implantación e o mantemento de páxinas web, márketing dixital, loxística ou xestión de redes sociais, ademais da adquisición de equipamentos
- Dirixida a pemes comerciais de menos de 20 traballadores e a obradoiros artesáns, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG), prevista para o vindeiro 13 de maio
- Concederanse axudas de ata 17.600 euros no ámbito da dixitalización e de ata 5.600 euros para a adquisición de equipamentos
- Ese mesmo día publicarase tamén a convocatoria de axudas para a participación e a organización de feiras de Artesanía de Galicia

A Xunta destina seis millóns de euros ao programa para impulsar a transformación dixital e a modernización do comercio galego de proximidade e do sector artesán. Esta orde de axudas, da que se poden beneficiar pemes comerciais de menos de 20 traballadores e obradoiros artesáns, incrementa nun 20 % o seu orzamento con respecto ao ano pasado.

Segundo se avaliou hoxe no Consello da Xunta, a través desta iniciativa, búscase apoiar ao sector comercial e artesán para que aproveite todas as oportunidades tecnolóxicas e do contexto actual para conectar co cliente, ofrecendo unha experiencia de compra única e personalizada, adaptada ao novo consumidor. O obxectivo é que a mobilización público-privada acade os nove millóns de euros.

O programa, cunha intensidade de axuda do 80 % do investimento subvencionable, inclúe dúas liñas de actuación. A primeira delas céntrase na dixitalización, e inclúe diferentes tipos de apoio en función do posicionamento previo dos beneficiarios neste eido, do número de empregados e se teñen ou non tenda física. Entre as actuacións subvencionables inclúense a implantación de páxinas web e a adquisición de equipamentos informáticos; ferramentas de márketing dixital; loxística para o comercio electrónico; sistemas dixitais de stock integrado no punto de venda e de control de acceso; así como xestores de redes sociais e o mantemento da páxina web, entre outros

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aspectos. O importe máximo das axudas que se poden obter neste punto é de 17.600 euros.

Por outra banda, a través da liña de modernización, pódense obter apoios de ata 5.600 euros para a adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG), prevista para o vindeiro 13 de maio.

Ese mesmo día publicarase tamén o programa de axudas para o fomento da comercialización da Artesanía de Galicia, dotado con 265.000 euros. Esta convocatoria inclúe apoios de ata 8000 euros para os obradoiros artesanais que participen en feiras nacionais ou internacionais. Pola súa banda, os concellos e as asociacións profesionais e empresariais artesanais que organicen feiras no ámbito de Galicia poderán obter axudas de ata 15.000€ e 18.000€, respectivamente.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AXUDARÁ A CONCILIAR A UNHAS 7.000 FAMILIAS GALEGAS CON MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE PROGRAMAS DE LECER EN ALBERGUES E ESPAZOS XUVENÍS**

- As consellerías de Emprego e Igualdade e de Política Social colaborarán no desenvolvemento das actividades ás cales se destinarán 3M€ do Plan Corresponsables
- Máis de 8.000 mozas e mozos menores de 16 anos tomarán parte nos programas
- Para a organización dos mesmos, contrataranse servizos de coidado profesional, co que se contribuirá tamén á creación dos 800 empregos
- Galicia conta con máis de 10,7M€ do Plan Corresponsables este ano, cos que reforzará os apoios autonómicos á conciliación

A Consellería de Emprego e Igualdade e a Consellería de Política Social asinarán un acordo polo que se destinarán 3 millóns de euros do Plan Corresponsables para a promoción de actividades de lecer para contribuir á conciliación dunhas 7.000 familias galegas con menores de 16 anos ao seu cargo, en especial, en períodos non lectivos.

O acordo, que terá vixencia ata o remate deste ano, permitirá a posta en marcha, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, de programas de educación non formal ou lúdica en albergues, campamentos, residencias ou establecementos turísticos dirixidas a mozas e mozos menores de 16 anos. Trátase de ofrecer un servizo integral de coidado durante períodos non lectivos, á vez que se facilita a adquisición de valores, habilidades e competencias derivados da participación nunha programación de actividades de tempo libre de calidade.

A oferta de actividades estenderanse tamén a albergues xuvenís de titularidade de Política Social, neste caso, en réxime de aloxamento e pensión completa, en que ademais de actividades de lecer, as persoas participantes poderán intercambiar experiencias.

No mesmo marco de colaboración, a Xunta porá en marcha un programa dirixido aos concellos galegos, cunha previsión de chegar a 30 deles, para desenvolver actividades de lecer educativo, que facilite dar resposta ás necesidades de coidado das familias no ámbito local.

A Xunta estima que un total de 8.080 mozas e mozos de ata 16 anos poidan tomar parte nestas actividades que se programarán ao longo deste ano 2022.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para o desenvolvemento de todas estas iniciativas, habilitaranse servizos de coidado profesional para os rapaces e rapazas en instalacións públicas. Deste xeito contribuirase a crear uns 800 empregos.

Con esta proposta o Goberno galego está a artellar un novo mecanismo para reforzar o apoio ás necesidades de conciliación das familias galegas, así como outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego ou co fomento da corresponsabilidade.

### **Plan Corresponsables**

Con este acordo de carácter sectorial, a Xunta está a executar o Plan Corresponsables con medidas de apoio específico para atender as necesidades de corresponsabilidade e de conciliación das familias.

Galicia dispón de máis de 10,7 millóns de euros do Plan Corresponsables para reforzar as medidas autonómicas a prol da conciliación, coa finalidade de que exista un auténtico equilibrio na distribución das responsabilidades familiares e de facer compatible a maternidade e/ou paternidade co mercado laboral.

O acordo hoxe aprobado vense a sumar a outro xa asinado entre Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte con 3,5M€ de orzamento, que implica as federacións deportivas na programación de actividades lúdicas en espazos públicos.

Estas medidas constitúen un exemplo da visión integral das políticas públicas en materia de igualdade que desenvolve a Xunta de Galicia, que opta por transversalizar as actuacións para que cheguen da maneira efectiva á cidadanía.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA 23 MEDIDAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓN LABORAIS DAS MULLERES EMBARAZADAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Busca impulsar as mellores condicións laborais posibles para o seu coidado durante as etapas do embarazo, o parto e o postparto
- As actuacións previstas están dirixidas tanto ás propias traballadoras do cadro de persoal do Sergas como ás embarazadas que aspiran a traballar nesta institución, inscritas nas listas de contratación temporal
- Estas iniciativas repercutirán en diferentes ámbitos laborais e enmárcanse no contexto do "I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde (2021-2024)"

A Consellería de Sanidade informou esta mañá ao Consello da Xunta dunha serie de medidas en materia de igualdade, concretamente 23, das que van ser beneficiarias as traballadoras embarazadas da sanidade pública galega, no contexto do "I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde (2021-2024)", logo de ser aprobadas por unanimidade na última Mesa Sectorial. As actuacións previstas están dirixidas tanto ás propias traballadoras do cadro de persoal do organismo como ás embarazadas que aspiran a traballar na sanidade pública galega, inscritas nas listas de contratación temporal.

Estas 23 medidas afectan a diferentes ámbitos laborais, como os accesos ao emprego, as adaptacións de postos e accións informativas, formativas e de coidado das mulleres traballadoras embarazadas; entre outras. Procederá a establecer canles específicas para a súa difusión entre as traballadoras embarazadas.

Así, prevese distintas actuacións de acción positiva na política de chamamentos para vínculos temporais, relacionadas coa reactivación automática nas listaxes logo de suspensións derivadas do embarazo, e as relativas ao acceso aos nomeamentos estatutarios temporais en vínculos de curta e longa duración da persoa embarazada, co obxecto de que o feito de estar embarazada non supoña unha perda de emprego .

Tamén se mellora nas condicións de traballo, ao garantir as pausas de descanso durante a xornada, dotar de medias (de compresión) para o descanso, facilitar o cambio de quendas, así como tamén articular a garantía de 150 horas de permiso no exercicio do dereito de lactación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na liña para o coidado da súa saúde, poderán ser eximidas das xornadas de máis de oito horas de traballo e as gardas, especialmente a partir do terceiro trimestre de embarazo. Ademais, procurarase evitar a súa exposición ao tráfico e a condución, con prazas e postos de traballo máis próximos ao seu domicilio; e asignaranse prazas de aparcamento adaptadas nos centros. Disporán, así mesmo, de menús saudables e adaptados ás súas necesidades; proporcionaránselles cadeiras ergonómicas e repousapés naqueles postos que sexa necesario; e poñeranse á súa disposición recursos de apoio psicolóxico, así como para deixar de fumar.

No marco da conciliación e apoio á crianza, promoveranse de forma proactiva os recoñecementos médicos da saúde laboral ante a súa reincorporación ao traballo e articularanse servizos a nivel hospitalario para o coidado de menores de 0-3 anos. Ademais vanse promover salas de lactación e descanso, e facilitaráselles información e formación en autocoidados, coidado do bebé, conciliación, etc.

Así mesmo, entre as medidas destaca que, nas vindeiras ofertas públicas de emprego que se convoquen, a muller embarazada poderá realizar o exame nunha data alternativa de coincidir o parto co día do exame.

No ano 2021 o número de mulleres embarazadas que traballaban na sanidade pública galega foi de 808, representando un 2,4 % do emprego feminino no Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería e ao Sergas.

### **I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Sergas**

O 13 de xullo de 2021, o Sergas pactou, na Mesa Sectorial de negociación do persoal estatutario, o I Plan de igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde (2021-2024), que contou co apoio unánime das organizacións sindicais.

Desde a Consellería de Sanidade estase a traballar activamente na execución das 59 medidas de actuación incluídas nese I Plan de Igualdade, o 60 % das cales xa están finalizadas ou en proceso de implantación, coa intención de acadar a igualdade de xénero desexada, o que contribuirá a crear unha cultura organizativa baseada nos principios da solidariedade, a igualdade e o respecto, así como a mellorar o benestar do persoal, e en especial das mulleres que traballan na sanidade pública de Galicia.

Cómpre lembrar que a maior parte dos postos de traballo do organismo están ocupados por mulleres, representando preto do 80 % do seu persoal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA INCORPORARÁ DÚAS NOVAS PATOLOXÍAS AO PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DE ENFERMIDADES ENDOCRINAS E METABÓLICAS

- A Dirección Xeral de Saúde Pública está a traballar na incorporación da Hiperplasia suprarrenal conxénita (HSC) e a Adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (ALD-X), como patoloxías a cribar neste programa
- O Programa galego para a detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal analizou un total 434.637 mostras, entre os anos 2000 e 2021
- Nestas dúas décadas, diagnosticándose 611 casos con enfermidades obxectivo deste programa, en concreto: 204 con hipotiroidismo conxénito, 47 con fibrose quística e 360 enfermidades metabólicas conxénitas
- A Estratexia Galega en Enfermidades Raras aprobada pola Xunta hai un ano, recollía o obxectivo específico de incorporar ao cribado neonatal todas as enfermidades raras detectables a través del
- O programa de cribado neonatal está amplamente consolidado en Galicia, superando o 99 % de participación todos os anos

O Consello da Xunta abordou esta mañá, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade en que se recolle a futura incorporación de dúas novas patoloxías no Programa galego para a detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal.

Neste senso, a Dirección Xeral de Saúde Pública xa está a traballar na incorporación da Hiperplasia suprarrenal conxénita (HSC) e a Adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (ALD-X), como patoloxías a cribar neste programa. Deste xeito, anticipase a unha próxima modificación da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

Ademais, en coordinación co Laboratorio de Metabolopatías do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, estase a planificar un proxecto piloto para avaliar a incorporación doutras dúas novas patoloxías, nomeadamente, a Inmunodeficiencia combinada grave (IDCG) e a Atrofia muscular espinal (AME), todo iso con vistas a valorar a súa posible inclusión dentro da carteira de servizos do programa.

Entre xullo do ano 2000 e decembro do 2021, o Servizo Galego de Saúde analizou un total 434.637 mostras. Neste período de tempo, o Laboratorio de Metabolopatías do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela detectou, de xeito precoz, 611 casos de persoas que padecían algunha das enfermidades obxectivo deste programa. En

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concreto, diagnosticáronse 204 casos de hipotiroidismo conxénito, 47 de fibrose quística e 360 enfermidades metabólicas conxénitas.

O Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endocrinas e Metabólicas que leva a cabo a Dirección Xeral de Saúde Pública, iniciouse en 1978, e é pioneiro en España no denominado cribado neonatal ampliado, coa incorporación da espectrometría de masas en xullo do ano 2000. Na nosa comunidade, o Programa de cribado neonatal está amplamente consolidado, superando o 99 % de participación durante os últimos anos.

Hai precisamente un ano, a Xunta de Galicia aprobou a Estratexia Galega de Enfermidades Raras, un conxunto de medidas de mudanza do modelo asistencial para a prevención e detección deste tipo de doenzas, garantindo un prazo de diagnóstico máis reducido, unha xestión máis eficiente, e poñendo en marcha de tres unidades funcionais multidisciplinares, na Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

O eixo segundo desa Estratexia é o de "Reforzo da prevención primaria e secundaria de Enfermidades Raras", e inclúe como acción concreta a de "Realización do diagnóstico precoz de todas aquelas Enfermidades Raras detectables mediante cribado neonatal".

Co inicio dos trámites para incorporar dúas novas enfermidades ao Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endocrinas e Metabólicas, o Executivo Galego continúa a dar cumprimento aos obxectivos establecidos na Estratexia.

### **Un programa esencial no eido da prevención**

O Programa ten como obxectivo iniciar o tratamento destas patoloxías de forma precoz, en fase presintomática, para mellorar o prognóstico e a evolución natural da enfermidade.

Denomínanse enfermidades endócrino-metabólicas, metabolopatías ou erros conxénitos do metabolismo (ECM), a un grupo diverso e heteroxéneo de trastornos bioquímicos causados, na súa maioría, por mutacións no ADN que se herdán principalmente en forma autosómica recesiva. A falta de diagnóstico e tratamento precoz pode comprometer, dun xeito grave, a vida e o desenvolvemento psicomotor das persoas.

As enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) consideradas de forma individual son enfermidades raras ou moi raras, pero en conxunto son patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos, constituíndo unha causa importante de morbi-mortalidade, tendo un impacto global notable desde a perspectiva de saúde pública.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Un programa en continua mellora**

A Consellería de Sanidade está a desenvolver continuas melloras no desenvolvemento do Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endocrinas e Metabólicas para garantir un diagnóstico máis áxil e preciso. Neste senso, cómpre destacar a posta en marcha de talleres de formación que teñen por obxecto optimizar o proceso de toma de mostras, co fin axilizar o tempo en que a mesma chega ao laboratorio.

Do mesmo xeito, estanse a introducir melloras no sistema de envío de mostras, co ánimo de garantir un servizo loxístico rápido e fiable, tanto na recollida como no seu transporte ao laboratorio. Ambas as medidas permitirán reducir o número de mostras recibidas non válidas, así como mellorar os indicadores en relación coa idade do neonato no momento de diagnóstico e da instauración do tratamento naqueles casos confirmados.

Co obxectivo de fornecer a capacidade do Laboratorio de Metabolopatías do Hospital Clínico Universitario de Santiago, a Xunta está a piques de licitar a adquisición dun novo equipo de espectrometría de masas en tándem acoplado á cromatografía líquida, o que suporá unha investimento duns 400.000 euros. Ademais, en coordinación con este laboratorio, estase a planificar un proxecto piloto para avaliar a incorporación doutras dúas patoloxías, a inmunodeficiencia combinada grave (IDCG), e a atrofia muscular espinal (AME), todo iso con vistas a valorar a súa posible inclusión dentro da carteira de servizos do programa.

Por último, cómpre destacar o inicio dunha nova liña de traballo, en colaboración co equipo profesional do Laboratorio de Metabolopatías, encamiñada á elaboración dun proxecto normativo que regule o cribado neonatal de enfermidades endocrino-metabólicas na nosa Comunidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA O PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE OBESIDADE ZERO EN GALICIA 2022-2030

- Para a elaboración do Plan, a Dirección Xeral de Saúde Pública realizou unha enquisa a máis de 47.000 persoas, co obxectivo de valorar a percepción da sociedade acerca do sobrepeso e a obesidade
- O 74 % das persoas enquisadas considera a problemática da obesidade preocupante en persoas de todas as idades e o 20 % na infancia e na adolescencia
- O borrador do plan foi sometido a un proceso participativo de avaliación cos diferentes sectores implicados na súa execución, axentes sociais, sociedades científicas e representantes do sector privado, para xeración de propostas
- A Xunta informará do contido do Plan ao Parlamento de Galicia, para recibir achegas co obxecto de proceder ao seu desenvolvemento

O Consello da Xunta vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade en que se dá conta da elaboración, por parte da Dirección Xeral de Saúde Pública, dun Plan de Obesidade Zero en Galicia 2022-2030. O Plan será obxecto proximamente dunha presentación pública e tamén dunha presentación ante o Parlamento de Galicia, co obxecto de recibir achegas para o seu desenvolvemento. O documento ten como obxectivo a mellora da calidade de vida da cidadanía galega, adoptando estilos de vida saudables que previrán enfermidades crónicas como a diabetes, a demencia ou algúns tipos de cancro, e mellorarán o estado de saúde das persoas que xa as padecen.

Para a elaboración do Plan, a Dirección Xeral de Saúde Pública realizou unha enquisa á cidadanía para valorar a percepción da sociedade sobre o sobrepeso e a obesidade. Esta enquisa estivo dispoñible dende o 18 ao 31 de maio, e foi contestada por un total de 47.743 persoas. Os resultados máis salientables reflicten que o 74 % das persoas enquisadas considera a problemática da obesidade preocupante en persoas de todas as idades, e o 20% que é preocupante na infancia e na adolescencia. Ademais, o 63 % considera a alimentación equilibrada como o factor máis relevante na protección fronte ao sobrepeso e a obesidade, seguido da actividade física regular, e, finalmente, o 71 % considera que as administracións públicas deberían tomar medidas para reducir o sobrepeso e a obesidade da cidadanía galega.

Xunto coa enquisa, a Dirección Xeral de Saúde Pública levou a cabo unha revisión da evidencia científica dispoñible e das recomendacións dos organismos nacionais e internacionais, así como das intervencións que demostraron evidencia da súa eficacia e a realidade da sociedade galega, e elaborou un borrador de plan de acción, que foi sometido a un proceso participativo de avaliación cos diferentes sectores implicados na

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa execución. Este proceso consistiu na celebración de catro mesas de traballo e debate co obxectivo de estimular a participación e a xeración de propostas e achegas. Nestas mesas, invitáronse as persoas representantes da administración, axentes sociais, sociedades científicas e representantes do sector privado. Deste proceso cómpre destacar a boa acollida que obtivo o borrador do Plan proposto, logrando ser validado polas diferentes entidades participantes que, ademais, trasladaron o seu interese e compromiso da colaboración para o seu desenvolvemento e implantación. O borrador foi modificado tendo en conta as achegas recibidas.

### Eixos do Plan

O borrador do Plan estrutúrase en tres eixos estratéxicos, e dentro de cada un defínense os obxectivos para alcanzar, que son un total de 11, e as accións a executar para a súa consecución, un total de 40. Respóndese, ademais, ao cumprimento das normativas e estratexias específicas para a prevención da obesidade e o sobrepeso, tanto a nivel nacional como europeo.

Esta iniciativa do Goberno galego baséase en tres premisas, que a contorna ten grande influencia sobre o comportamento, que unha persoa informada é a que toma decisións razoadas e que unha resposta óptima comporta o traballo conxunto e complementario de todos os axentes implicados.

Ademais, o Plan propón actuar promovendo os factores protectores fronte ao sobrepeso e a obesidade, a alimentación equilibrada, a actividade física regular e evitar o sedentarismo.

Establécese, con esta medida, que haxa menos persoas con sobrepeso desde unha estratexia positiva, actuando sobre os factores protectores e cunha meta global de reducir o sobrepeso nun 15 % no 2030. Trátase dun horizonte temporal con metas intermedias, avaliación e seguimento continuo das accións que se propoñen.

O eixo 1 do plan busca modificar aquelas contornas que favorecen o sobrepeso e a obesidade e convertelas en promotoras da saúde. Identifícanse cinco contornas sobre as que actuar, a política, a escolar, a laboral, a comunitaria e a sanitaria e sociosanitaria. Algunhas das accións máis destacadas deste eixo son a creación da rede de escolas promotoras de saúde; asegurar a calidade nutricional e a oferta saudable nos comedores colectivos; a Xunta de Galicia como referente en promoción da saúde na contorna laboral; a xuventude como axente de saúde; e o traballo conxunto cos concellos para facilitar os desprazamentos activos ou a dispoñibilidade de produtos frescos de proximidade. Ademais, outra das accións recollidas é o Programa Adestra a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa saúde, de prescrición do exercicio físico no centro de saúde e o seu seguimento no concello a través da figura do promotor de exercicio.

O eixo 2 do borrador do plan baséase na capacitación para a toma de decisións máis saudables, establecendo accións de formación e información á cidadanía a través de diferentes vías, tentando acadar melloras nas rutinas diarias. Utilízase a canle de comunicación *Xanela Aberta á familia* e campañas de alto impacto para promover o exercicio físico baixo o lema *Gastas pista*, e cunha primeira acción que consiste en acadar o reto de que todos os galegos realicen o Camiño de Santiago contando os pasos que dan no seu barrio, ou no seu traballo. Ademais, fórmulanse itinerarios formativos para os profesionais sanitarios e de educación, para ser referentes e para transmitir a importancia da adopción de hábitos saudables.

O eixo 3 relaciónase coa investigación e a innovación en promoción da saúde, fundamental para a adquisición e a transmisión do coñecemento e o seu traslado á práctica diaria. Deste modo, os obxectivos formulados diríxense ao desenvolvemento da rede de investigación en promoción da saúde, a innovación continua e o deseño de sistemas de vixilancia baseados na potencialidade da intelixencia artificial, establecendo perfís de antecedentes e predisposición á obesidade. Neste eixo, o Observatorio de Saúde Pública de Galicia é o sistema de vixilancia de referencia para o sobrepeso, a obesidade e os seus factores de risco na poboación galega.

Sinalar, por último, que en Galicia, máis da metade da poboación ten exceso de peso. Así, segundo a Enquisa europea de saúde realizada no ano 2020, o 39 % da poboación galega ten sobrepeso e o 16,5 % presenta obesidade, o que supoñen un total de 357.000 galegos e galegas. Ademais, en canto aos hábitos de vida saudables, o 41,3 % da poboación adulta é sedentaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE 33,1 M€ NO PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PARA 2022 QUE PREVÉ ACTUAR EN MÁIS DE 58.600 HECTÁREAS E EN CASE 5.800 KM DE PISTAS E OUTRAS VÍAS

- Medio Rural incrementa a dotación deste plan preto dun 13% respecto do exercicio anterior
- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe este documento, que prevé tamén a construción de arredor dun cento de novos puntos de auga e a mellora dos máis de 4.700 existentes
- O principal obxectivo deste plan preventivo -que se integrará no Pladiga 2022- é evitar que se produzan incendios forestais ou que, no caso de que se rexistren, a súa propagación sexa a menor posible
- Este documento -que estará vixente ata que se aprobe o de 2023- estrutúrase en dous grandes bloques, por un lado a programación de medidas e accións dirixidas á poboación e, por outro, as centradas no territorio
- No primeiro caso contémpanse accións de concienciación cidadá, de formación, campañas de divulgación e o segundo abrangue os diferentes traballos sobre o terreo para anticiparse ao lume

A Xunta destina este ano un total de 33,1 millóns de euros ao Plan de prevención de incendios forestais, o que supón incrementar a súa dotación preto dun 13 % respecto do exercicio anterior. Así se recolle no informe presentado hoxe pola Consellería do Medio Rural na reunión semanal do Consello do Goberno galego.

En total, con eses fondos está previsto actuar en máis de 58.600 hectáreas de terreo e en 5.780 quilómetros de pistas forestais e outras vías. Deste xeito increméntanse lixeiramente as previsións canto á superficie de intervención, ao tempo que medra preto dun 16 % a cifra de quilómetros. Ademais, neste plan tamén se establece como horizonte a construción de 111 novos puntos de auga e a mellora dos 4.750 existentes. Isto suporá actuar nun total de 4.861 puntos.

#### **Obxectivo principal e específicos**

O principal obxectivo deste plan preventivo é anticiparse aos incendios forestais ou que, no caso de que se rexistren, a súa propagación sexa a menor posible. Asemade, entre as súas finalidades específicas están as de limitar a potencialidade dos grandes incendios forestais (GIF), elaborar a cartografía necesaria para planificar as actuacións preventivas con maior eficiencia ou deseñar unha rede infraestruturas preventivas correctamente dimensionada e mantela en bo estado de conservación. Trátase tamén de xestionar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

biomasa forestal en zonas estratéxicas mediante técnicas silvícolas axeitadas e de fomentar actuacións silvopastorais e pasteiros.

Outros obxectivos pasan por desenvolver un plan de queimas prescritas, avaladas polos técnicos do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, co fin de reducir a biomasa en lugares estratéxicos. Tamén, por crear un visor en que se rexistre a cartografía de todas as redes de faixas existentes e outras actuacións preventivas e o seu mantemento, entre outros.

A concienciación da poboación sobre o risco que supoñen os incendios forestais e os seus impactos negativos é outra das finalidades do plan, que incidirá sobre todo na poboación rural e tamén na comunidade educativa. Así mesmo, trátase de regular o uso do lume polos cidadáns en función do risco esperado e de manter informados os habitantes do rural, así como de colaborar coas administracións e organismos implicados na prevención de incendios, coordinando as actuacións para lograr unha maior efectividade das medidas.

Este plan -que estará vixente ata que se aprobe o de 2023- estrutúrase en dous grandes bloques. Por un lado, a programación de medidas e accións dirixidas á poboación e, por outro, as centradas no territorio. As primeiras teñen que ver, por exemplo, coa sensibilización da poboación escolar. Así, están previstas un total de 304 charlas, 16 en cada distrito forestal, dirixidas a estudantes de diferentes niveis, que serán impartidas por axentes ambientais e técnicos. Nesta mesma liña, tamén se prevén accións de formación dirixidas á poboación rural, así como campañas de difusión en medios de comunicación. Neste apartado tamén se inclúe a regulación do uso do lume, os labores relacionados co borrador do anteproxecto de lei integral contra os incendios ou o desenvolvemento do Centro integral para a loita contra o lume de Toén (Ourense).

### **Accións no territorio**

O segundo gran bloque deste plan preventivo céntrase nas medidas e accións dirixidas ao territorio. Neste amplo apartado intégranse por exemplo as relativas á vixilancia do cumprimento das obrigas de xestión da biomasa tanto nas faixas primarias (de estradas e vías férreas) como nas secundarias (as máis próximas ás vivendas) e nas terciarias (de camiños, pistas e devasas en terreo forestal, fundamentalmente).

En relación coas faixas máis próximas ás vivendas, o plan integra, entre outras accións, as vinculadas ao convenio de colaboración subscrito coa Fegamp e Seaga para a protección das aldeas. Así, ponse en valor o feito de que xa estean adheridos ao acordo o 87% dos municipios galegos (273 en total), así como de que xa estean elaborados 259

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plans municipais antiincendios (representan o 95 % dos concellos adheridos) e 178 plans aprobados (o 67 % dos elaborados).

No plan contémplanse todos os datos relativos a superficies de actuación tanto en parroquias priorizadas como non priorizadas dentro deste convenio, así como as execucións subsidiarias previstas, os labores en vías de titularidade municipal, nos perímetros de alto risco de incendios e, como novidade, en varios concellos piloto. Estes municipios piloto son os de Carnota, As Nogais, Cualedro, A Gudiña, Lobios, Monterrei e Gondomar, nos que se está a limpar a totalidade do perímetro. A maiores, recóllense as iniciativas veciñais realizadas ou planificadas e as actuacións mecanizadas previstas (mediante o uso de ata 35 tractores).

Canto á planificación dos labores preventivos, contémplanse tanto os que están previsto realizar con medios propios (incluídas as queimas prescritas), os contratados, os desenvolvidos mediante subvencións e os enmarcados en convenios coas entidades locais. Estes últimos refírense ás motobombas, ás rozas ou á constitución de brigadas. Así, lémbrese que no 2022 está previsto tramitar ata 263 acordos con entidades locais para estas finalidades, aos que cómpre engadir os convenios entre a Xunta, a Fegamp e as deputacións provinciais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), que tamén desenvolven, entre outros, traballos preventivos. Con respecto aos puntos de auga, prevese a creación de ata 111 novos e a mellora dos 4.750 existentes.

Este plan preventivo integrarase no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais (Pladiga 2022) que, como é habitual, está previsto aprobar antes do inicio da tempada de alto risco de lumes, que se iniciará o 1 de xullo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ABRE A TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA PARA ACADAR EN 2025 AS 100 AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA E OS 25.000 SILVICULTORES ACTIVOS EN BENEFICIO DO MONTE GALEGO**

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova orde pola que se regulará o recoñecemento e inscrición nos pertinentes rexistros destas dúas figuras, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* proximamente
- O fomento de fórmulas de xestión conxunta e a activación e impulso do estatus de silvicultor activo constitúen ferramentas básicas para a dinamización do territorio e a fixación de poboación no rural, en liña co recollido na Lei de recuperación da terra agraria
- A orde enmárcase no cumprimento do Plan Forestal 2021-2040 e na nova Estratexia forestal europea, que establece que os bosques xestionados fixan o carbono mellor e que a xestión sustentable e activa do monte ten un impacto positivo no clima e sobre a anticipación aos lumes

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova orde pola que se regularán os procedementos de tramitación electrónica para o recoñecemento das agrupacións forestais de xestión conxunta e das persoas silvicultoras activas, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Cúmprese así coa posta en marcha de ambos rexistros recollida na 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", coa previsión de acadar as 100 agrupacións e os 25.000 silvicultores activos deica o ano 2025.

Chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do sector forestal da nosa comunidade, as agrupacións de xestión conxunta e as persoas silvicultoras activas atópanse recollidas no eixe II do Plan Forestal, relativo á xestión dos montes e á loita contra o abandono. As agrupacións tamén están incluídas na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, como figura para poñer en valor as parcelas abandonadas ou infrutilizadas.

Cabe sinalar que en Galicia existen preto de 11,1 millóns de parcelas catastrais rústicas pertencentes a 1,73 millóns de titulares das cales uns 8 millóns son forestais, unha realidade que leva aparellada unha dificultade para a súa xestión eficiente e eficaz. Así as cousas, as iniciativas de xestión conxunta promoverán a recuperación da terra, ampliando a base territorial e aumentando a rendibilidade do sector forestal, ao tempo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se avanza na anticipación aos incendios forestais. Mentres, o novo estatus que se establece de silvicultor activo tamén contribuirá a estes fins, mediante o impulso de terreos baixo instrumentos de ordenación e de xestión, e adheridos a sistemas de certificación forestal sustentable.

A nova orde enmárcase na Estratexia forestal europea, que declara que os bosques xestionados non só fixan o carbono mellor que os bosques non xestionados, senón que tamén reducen as emisións e os problemas causados pola deterioración do estado dos bosques. Asemade, sinala que a xestión sustentable e activa dos bosques ten un impacto positivo no clima e sobre a anticipación aos lumes.

O fin último é poñer en marcha dous procedementos de carácter voluntario que, para os solicitantes que vexan avalada a súa condición de agrupación forestal de xestión conxunta ou de silvicultor activo, suporán o recoñecemento da súa xestión forestal sustentable, e que lles proporcionará prioridade á hora de acceder a axudas públicas e beneficios fiscais.

### **Agrupacións forestais de xestión conxunta**

Poderán ser recoñecidas como agrupacións forestais de xestión conxunta as sociedades de fomento forestal (Sofor), as asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión forestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, as sociedades civís e comunidades de bens, as cooperativas e outras entidades de economía social, as sociedades agrarias de transformación (SAT), as sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital, así como calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras forestais.

Estas agrupacións deben ter por finalidade un ou varios dos seguintes obxectivos: a mobilización de terreos forestais por medio da súa xestión conxunta e sustentable, a súa recuperación e impedir o seu abandono; favorecer a xestión, produción e comercialización conxunta; servir como instrumento para a conservación do ambiente mediante a xestión activa e valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; e a creación de emprego endóxeno. Por transcender estes fins e obxectivos o interese exclusivamente particular, poderá declararse de interese xeral a xestión conxunta realizada polas agrupacións forestais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez recoñecida a agrupación, inscribírase de oficio no Rexistro de Agrupacións Forestais e as persoas titulares de parcelas forestais lindeiras quedarán obrigadas a manter unha xestión cun nivel de actividade forestal equiparable ao da agrupación. De non facelo, poderán declararse en situación de abandono ou infrautilización, tendo a agrupación a posibilidade de acceder ao seu arrendamento. Ademais, a Consellería do Medio Rural poderá concertar contratos temporais, de carácter voluntario, para a xestión forestal sustentable dos montes particulares das agrupacións de xestión conxunta, nos casos en que as especiais dificultades para a posta en valor e as condicións do monte así o aconsellen.

### **Silvicultores activos**

Poderán solicitar o recoñecemento como persoa silvicultora activa as persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica, xa sexan propietarias, titulares ou xestoras dos aproveitamentos e servizos ecosistémicos de unidades de xestión forestal que contén cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal e que dispoñan dun certificado de xestión forestal sustentable emitido por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente.

O recoñecemento do estatus de silvicultor activo facilitará o acceso prioritario ás axudas vinculadas ao cumprimento dos instrumentos de ordenación e xestión forestal ou medidas públicas de apoio ao sector forestal, o acceso á cesión dos montes veciñais en man común que sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación, con preferencia dos silvicultores activos que sexan comunidades de montes, e en todas aquelas situacións en que se requira unha xestión sustentable do monte, en particular nos procesos de declaración de abandono ou infrautilización de terras agroforestais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE ARREDOR DE 4M€ NA MELLORA DA ILUMINACIÓN DE PRETO DE 30 PORTOS AUTONÓMICOS PARA ACADAR UN AFORRO ENERXÉTICO DE ATA O 60 %**

- A Consellería do Mar e Portos de Galicia asinan un acordo de colaboración para a financiación deste proxecto a través de fondos FEMP e fondos propios de ambas entidades
- A iniciativa inclúe a instalación e renovación de máis de 2.500 luminarias e proxectores exteriores así como a revisión e posta a punto de 625 xa existentes e o equipamento informático necesario para o seu control cun sistema de telexestión

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, investirá 3,8 millóns de euros no proxecto de modernización dos sistemas de alumeado de 26 portos de titularidade autonómica, co obxectivo de instalar sistemas de alumeado LED para crear espazos máis eficientes no consumo enerxético e aumentar a súa competitividade. As melloras introducidas permitirán acadar un aforro enerxético de ata o 60 %.

Esta actuación, que se levará a cabo no período 2022 e 2023, é froito dun convenio de colaboración asinado recentemente entre a Consellería do Mar e Portos de Galicia e que foi analizado hoxe no Consello da Xunta. Así, tal e como se recolle no acordo, a Consellería destinará preto de 3,5 millóns de euros ás actuacións de mellora da iluminación nos portos pesqueiros -co cofinanciamento do Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro- mentres que o ente público financiará con arredor de 400.000 euros os traballos que se realicen nos portos comerciais e mixtos.

Deste xeito, o Executivo galego executará a renovación do alumeado que posúen na actualidade cinco portos da zona norte (costa cantábrica) -Ribadeo, Burela, Viveiro-Celeiro, Cariño e Cedeira-; 12 portos da zona centro (Coruña Atlántica) -Sada-Fontán, Malpica, Laxe, Fisterra, Cee, Muros, Portosín, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Cabo de Cruz e Rianxo-; e nove da zona sur (Pontevedra) -Vilanova de Arousa, O Xufre, Tragove, O Grove, Portonovo, Combarro, Bueu, Cangas e Moaña-. Unhas actuacións que suporán a renovación do 67 % do alumeado actual do sistema portuario galego.

O obxectivo principal destes traballos de modernización, cuxa licitación está prevista para este ano, permitirá reducir a contaminación ambiental e luminosa nos espazos portuarios pola utilización dunha mellor tecnoloxía e mellorar a súa xestión a través dun sistema de control remoto das luminarias, proxectores e centros de mando. Así, aportarase maior comodidade visual aos seus traballadores e usuarios ademais de procurar ese aforro enerxético estimado do 60 %.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Accións a desenvolver**

Os traballos de mellora do alumeado nos espazos portuarios consistirán na instalacións de 2.500 luminarias e proxectores LED para a iluminación exterior das instalacións dos peiraos así como do equipamento informático necesario para a configuración do sistema de telexestión. Así mesmo, revisaranse as 625 luminarias LED xa existentes e os centros de mando ademais de levar a cabo un control de calidade do conxunto das instalacións.

Estas actuacións contribuirán a homoxeneizar a iluminación nestes portos e mellorar o confort visual dos traballadores e usuarios, así como a reducir os custos de funcionamento das instalacións de iluminación e a acadar un uso sustentable dos recursos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA AFRONTA OS RETOS DO MEDIO MARIÑO COA PARTICIPACIÓN EN MÁIS DE 60 PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN 2021 A TRAVÉS DO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR**

- O ente dependente da Consellería do Mar, que celebrou o ano pasado o seu 20 aniversario, participou desde 2001 en arredor de 600 iniciativas nacionais e internacionais que contaron cun investimento global de preto de 350 millóns de euros
- As liñas de traballo do centro inclúen a loita contra a contaminación mariña, a xestión sostible dos recursos, a valorización de subprodutos, a seguridade alimentaria, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o estudo do medio mariño, a formación e a socioeconomía da pesca, entre outras

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar participou o ano pasado en 64 proxectos e servizos relacionados coa investigación mariña que contribuíron a que Galicia se adapte aos retos existentes no eido marítimo-pesqueiro. O ente dependente da Consellería do Mar colaborou nestas iniciativas con máis de 340 socios de 31 países distintos e entre os que se atopan administracións, empresas, universidades, centros de investigación, asociacións, institucións e ONG.

Así o recolle un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta que detalla que estas accións -proxectos e servizos- foron tanto autonómicas como nacionais e internacionais e centradas na mellora do medio mariño, dos seus recursos e de todos os sectores que viven del fomentando a innovación e a sustentabilidade ambiental, económica e social, en especial no que respecta ao litoral galego.

O Cetmar, que o ano pasado celebrou o seu 20 aniversario, tivo presenza desde a súa creación en 2001 en arredor de 600 proxectos que supuxeron un investimento global de preto de 350 millóns de euros para o conxunto dos seus participantes. Estas iniciativas contribuíron ao deseño de solucións e ferramentas para afrontar os retos máis destacados en distintas ramas do mundo mariño.

Esas iniciativas implicaron a colaboración con máis de 1.800 socios de preto de 60 países e permitiron avanzar en distintas liñas de traballo como a loita contra a contaminación mariña, a xestión sostible dos recursos, a valorización dos subprodutos, a seguridade alimentaria, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o estudo do medio mariño, a formación e a socioeconomía da pesca, entre outras.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os proxectos desenvolvidos en 2021 en materia de loita contra a contaminación mariña accidental, os contaminantes emerxentes, o lixo mariño ou o cambio climático destacan algúns como ML Style -para aplicar a economía circular aos residuos da actividade pesqueira e portuaria e desenvolver produtos para a industria téxtil-, CleanAtlantic -para protexer a biodiversidade mellorando as capacidades de previr, monitorizar e eliminar o lixo mariño-, NorWater -para abordar o problema dos contaminantes emerxentes- ou Manifests, para mellorar a metodoloxía de resposta ante episodios de contaminación mariña.

Na divulgación e transferencia de coñecemento destacan os proxectos Business2Sea - para reforzar as relacións entre os poderes públicos, as empresas, as universidades e os centros de I+D-, Seafood Age -para a elaboración de alimentos de orixe mariña orientados a un envellecemento saudable- ou Algalup, que pretende acadar avances na explotación das macroalgas nas zonas costeiras de Galicia e Portugal.

En canto ás tecnoloxías mariñas, oceanografía operacional e avaliación de riscos costeiros, o Cetmar traballou en accións como o proxecto Silencio -para introducir sistemas de propulsión eléctrica en embarcacións pesqueiras de pequena escala para reducir o impacto do ruído- ou o MarRisk, que avalía os riscos costeiros máis importantes nun escenario de cambio climático para mellorar a resiliencia do sectores económicos tradicionais e emerxentes.

### **Socioeconomía da pesca**

No campo da socioeconomía da pesca e do impacto económico do complexo mar-industria inclúense iniciativas como Aquavita -que pretende acadar novas especies, produtos e procesos para incrementar a produción multitrófica nas cadeas de valor da acuicultura no Atlántico-, o proxecto FarFish -na mellora do coñecemento e a xestión da pesca en augas non europeas para mellorar a sustentabilidade e a rendibilidade da actividade- ou a acción Bapsi, que promove o diálogo entre a industria da transformación e elaboración e o sistema educativo para formar profesionais adaptados ás necesidades da industria.

No eido da colaboración e da formación, o informe salienta a actividade formativa realizada na escola A Aixola, con distintos cursos destinados a profesionais vencellados co sector en ámbitos como reparación de redes, velaría, mecánica e electricidade básica ou reparación de embarcacións pneumáticas, entre outras. A este labor engádesse o proxecto MATES, que analiza a evolución das tecnoloxías marítimas en Europa para elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria coa adecuación das formacións existentes para mellorar a cadea de valor da construción naval e das enerxías renovables en mar aberto.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O centro dependente da Consellería do Mar tamén desenvolveu importantes proxectos de cooperación internacional como pode ser o Acuipesca Perú, para aumentar a competitividade do sector da pesca artesanal e da acuicultura na baía de Sechura, e participa na Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira (Rede Invipesca) promovendo a colaboración e o intercambio de coñecementos entre as institucións e investigadores de referencia neste ámbito.

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar constituíuse no ano 2001 promovido pola Xunta de Galicia e a Administración central a través da Secretaría de Estado de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación. Nese mesmo ano foi declarado de interese galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

